



## CONCELLO DE CHANTADA

### CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:	Data de celebración:
JGL/2022/27	A Xunta de Goberno Local.-Sesión ordinaria	19 de decembro de 2022

**FERNANDO TORRE COMESAÑA, SECRETARIO DESTE ÓRGANO COLEXIADO,**

#### CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria celebrada o día sinalado adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**“6.-Asuntos Varios.-Tratouse dos seguintes:**

##### 6.1.1.

Expediente Procedemento:	G0643/2022 Actividades.-Ampliación de horario peche establecementos
Motivo:	Festas do Nadal 2022/2023
Zona afectada.	Establecementos de hostalería do municipio
Inicio:	De oficio.

#### ANTECEDENTES:

**-Expediente.-Fetividades do Nadal**

#### XUSTIFICACIÓN:

A celebración das Festas de Nadal como no resto dos municipios é considerada unha das manifestacións máis importante dende o punto de vista relixioso, festivo e lúdico, de conservación das tradicións dun pobo. Nese sentido o Concello considera que preservando estes costumes, tradicións e tamén de fomento, esta celebración supón unha achega importante ao proceso de desenvolvemento económico e social de tódolos sectores do municipio de Chantada polo que se entende xustificada o aumento do horario no peche dos establecementos durante estas celebracións.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

—Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

—Os artigos 39 a 46 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

—Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

—O Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: HREFN4EZ6AZJZE6S3AX2MWNX | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## CONCELLO DE CHANTADA

septiembre.

—A Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

—O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

-Ordenanza Municipal en Materia de Ruídos.

Visto o establecido no artigo 9 e seguintes da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal, ou para zonas concretas do mesmo, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do entroido e de Semana Santa e Nadal, **facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica, concretamente a ordenanza municipal de aplicación en materia de ruídos.**

A vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou:

**PRIMEIRO.**-Ampliar o horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público comprendidos entre os epígrafes que se mencionarán e nas datas que se sinalarán, **en dúas horas**, facéndose en todo momento compatible dita ampliación coas normas vixentes en materia de contaminación acústica e coas demais normas que atinxen aos horarios de peche, desaloxo e as súas condicións.

Epígrafes do Catálogo para os que se autoriza: (Decreto 124/2019 do 5/09/19, DOG 195 do 14/10) (Orde do 23/10/2020. DOG 219 do 30/10)	III.2.5.-Establecementos de restauración. III.2.7.-Establecementos de ocio e entretemento.
Días da Ampliación do Horario	Noite do día 23 ao día 24 de decembro de 2022 Noite do día 24 ao día 25 de decembro de 2022 Noite do día 30 ao día 31 de decembro de 2022 Noite do día 31/12/22 ao 01/01/23 Noite do día 05/01/23 ao 06/01/23 Noite do día 06/01/203 ao 07/01/23 Noite do día 07/01/203 ao 08/01/23

**SEGUNDO.**-Dese conta deste acordo á Policía Local do Concello de Chantada e publíquese aos efectos oportunos de coñecemento polos afectados e dese conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que celebre.”

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

Vº e Pr.

O ALCALDE,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE .**

**CONCELLO DE CHANTADA**

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: HREFN4EZ6AZJZE6S3AX2MWNX | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2